

## **CIG-Servizos edita un caderno co convenio do comercio de alimentación coruñés**

CIG-Servizos editou un caderno co convenio do comercio de alimentación da provincia da Coruña dos anos 2009-2011, que ademais dispón de táboas salariais, de información laboral básica e dos enderezos postais e electrónicos dos locais da Federación. O caderno ha ser repartido nos vindeiros días entre as traballadoras e traballadores do sector.

24/4/10.

Reproducimos o limiar da publicación que contén a análise crítica da Federación acerca deste convenio:

*Nos últimos anos, a representatividade da CIG no comercio de alimentación aumentou grazas ao apoio dos traballadores e traballadoras. Debido a isto, o escenario da negociación presentouse moi distinto a anteriores ocasións e, ante o habitual desprezo desta patronal polos seus traballadores, convocouse folga, por primeira vez xunto cos compañeiros de Pontevedra. Esta folga conseguiu modificar substancialmente a posición inicial das empresas —lebrémo-los 8 €/mes que ofrecían ao principio—, pero ficou insuficiente ao aumenta-la discriminación dunha parte non pequena do sector (almacéns e oficinas) ou non entrar a regular aspectos importantísimos para os traballadores do comercio como a xornada laboral. Atopámonos, de novo, cunha patronal chorona e mentireira que alegaba unha crise que, en realidade, está fortalecendo aos grandes do sector. De feito, unha vez rematada a folga, GADIS presumía e exhibía os resultados económicos que antes agochaba. A CIG xa sabía con quen trataba... parece que outros non.*

*O resto dos sindicatos decidiron asinar, a pesar de saber que deixaban fóra un colectivo que apoiou masivamente as mobilizacións e, polo tanto, se xogou o seu posto de traballo. Parece que, como noutras ocasións, o único que lles importa é quedar ben coa patronal. A CIG non actúa así.*

*Durante toda a negociación, incluíndo a folga, a CIG foi unha parte vital que puxo moi alto o nivel das reivindicacións e liderou unhas mobilizacións impensables anos atrás, cando aínda non contabamos co apoio de tantos traballadores e traballadoras. Sen embargo, non asinamos este convenio principalmente porque consagra a grave discriminación que levan padecendo durante moitos anos os traballadores dos almacéns e das oficinas, aos que se lles nega unha vez máis a aplicación das cláusulas que obrigan a ascender de categoría (coa conseguinte suba salarial) e que si goza o persoal das tendas. Nunca imos asinar un convenio que non aplique por igual as súas cláusulas a tódolos traballadores, e continuaremos traballando igual que até o de agora para solucionar estes agravios.*

*Na CIG non renunciaremos en ningún momento a seguir loitando para eliminar este desprezo e discriminación e continuaremos na mesma liña de reivindicación mentres non se solucione este problema.*

*Tamén somos conscientes de que a promoción profesional que recolle o convenio para as categorías das tendas depende moito da antigüidade que teña recoñecida o persoal. Antigüidade que as empresas se esforzan en camuflar de distintas maneiras: cambios de empresa, contratación en fraude de lei, perda de antigüidade ao cambiar de contrato... A CIG continuará pelexando para que as empresas deixen de utilizar estas estratagemas ilegais.*

*O que si cremos que quedou moi claro é a relación directa entre a maior presenza da CIG no sector e a combatividade e loita por unhas mellores condicións laborais. Na CIG, sempre ao servizo do traballador.*

Adxunto

Tamaño

[Caderno do comercio de alimentación da Coruña 2009-2011](#) [1]

7.06 MB

**Novas relacionadas:** [O convenio do comercio de alimentación coruñés rebaixa melloras que se concederan inicialmente](#) [2]

[CC.OO e UGT rubrican un preacordo no comercio de alimentación coruñés sen consultalo cos traballadores](#) [3]

[Éxito sen paliativos da folga do comercio de alimentación malia as ameazas dos empresarios](#) [4]

[Aumentan as protestas do Comercio de Alimentación a dous días para a folga](#) [5]

[Comezan as mobilizacións do Comercio de Alimentación](#) [6]

[O Comercio de Alimentación coruñés aproba a convocatoria de folga](#) [7]

- [Intensifícase a campaña informativa sobre o conflito do Comercio de Alimentación](#) [8]  
[O Comercio de Alimentación baralla a folga como medida para desbloquear a negociación](#) [9]  
[Militantes da CIG-Servizos recrimínanlle a Roberto Tojeiro a explotación no Comercio de Alimentación](#) [10]  
[Case medio milleiro de traballadores acode ás asembleas do Comercio de Alimentación coruñés](#) [11]  
[Convocadas asembleas do Comercio de Alimentación en Ferrol, na Coruña e Compostela](#) [12]  
[A patronal coruñesa do Comercio de Alimentación propón unha oferta completamente regresiva](#) [13]

**Ligazóns:**

- [1] [http://www.cigservizos.org/sites/default/files/nova/2010/04/caderno\\_do\\_convenio\\_do\\_comercio\\_de\\_alimentacion\\_da\\_76106.pdf](http://www.cigservizos.org/sites/default/files/nova/2010/04/caderno_do_convenio_do_comercio_de_alimentacion_da_76106.pdf)  
[2] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.02.02/o-convenio-do-comercio-de-alimentacion-corunes-rebaixa-melloras-que-se-concederan-in>  
[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.12.05/ccoo-e-ugt-rubrican-un-preacordo-no-comercio-de-alimentacion-corunes-sen-consultalo->  
[4] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.29/exito-sen-paliativos-da-folga-do-comercio-de-alimentacion-malia-a-meazas-dos-empresar>  
[5] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.25/aumentan-protestas-do-comercio-de-alimentacion-dous-dias-para-folga>  
[6] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.23/comezan-mobilizacions-do-comercio-de-alimentacion>  
[7] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.18/o-comercio-de-alimentacion-corunes-aproba-convocatoria-de-folga>  
[8] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.11/intensifícase-campana-informativa-sobre-o-conflito-do-comercio-de-alimentacion>  
[9] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.09/o-comercio-de-alimentacion-baralla-folga-como-medida-para-desbloquear-negociacion>  
[10] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.07/militantes-da-cig-servizos-recriminanlle-roberto-tojeiro-explotacion-no-comercio-de->  
[11] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.06/case-medio-milleiro-de-traballadores-acode-asembleas-do-comercio-de-alimentacion-cor>  
[12] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.01/convocadas-asembleas-do-comercio-de-alimentacion-en-ferrol-na-coruna-e-compostela>  
[13] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.07.10/patronal-corunesa-do-comercio-de-alimentacion-propon-unha-oferta-completamente-regre>